

CARTA DE DEREITOS DAS PERSOAS CON AUTISMO

(Adoptada polo Parlamento Europeo o 9 de Maio de 1996)

- I.** As Persoas con Autismo teñen pleno dereito de levar unha vida independente e de desenvolverse na medida das súas posibilidades.
- II.** As Persoas con Autismo teñen dereito ao acceso a un Diagnóstico e a unha Avaliación precisa e sen prexuízos.
- III.** As Persoas con Autismo teñen dereito a unha educación accesible e apropiada.
- IV.** As Persoas con Autismo, (ou os seus representantes) teñen dereito a participar en cada decisión que afecte ao seu futuro.
- V.** As Persoas con Autismo teñen dereito a un aloxamento accesible e axeitado.
- VI.** As Persoas con Autismo teñen dereito a acceder aos equipamentos, asistencia e servizos de soporte necesarios para unha vida plenamente produtiva na dignidade e na independencia.
- VII.** As Persoas con Autismo teñen dereito a percibir un ingreso ou soldo que lle alcance para alimentarse, vestirse e aloxarse adecuadamente ou para calquera outra necesidade vital.
- VIII.** É un dereito das Persoas con Autismo o participar, na medida do posible, ao desenvolvemento e á xestión dos servizos existentes destinados ao seu benestar.
- IX.** As Persoas con Autismo teñen dereito a acceder a consellos e terapias apropiados para a súa saúde mental e física, así como para a súa vida espiritual. O que significa que deben ter acceso a tratamentos e remedios de calidade.
- X.** As Persoas con Autismo teñen dereito a unha formación que responda aos seus desexos e a un emprego adecuado, sen discriminación nin prexuízos. A formación e o emprego deberían ter en conta as capacidades e os intereses do individuo.
- XI.** As Persoas con Autismo, (ou os seus representantes) teñen dereito á asistencia xurídica e ao mantemento total dos seus dereitos legais.
- XII.** As Persoas con Autismo teñen dereito ao acceso aos medios de transporte e á liberdade de desprazamento.
- XIII.** As Persoas con Autismo deben ter pleno dereito ao acceso á cultura, ás distraccións, ao tempo libre, ás actividades deportivas e a poder gozar destes plenamente.
- XIV.** As Persoas con Autismo teñen dereito a utilizar e aproveitar todos os equipamentos, servizos e actividades postos a disposición do resto da comunidade.
- XV.** As Persoas con Autismo teñen dereito a unha vida sexual sen ser forzados, incluso no matrimonio, nin ser explotados.
- XVI.** É un dereito das Persoas con Autismo o non ser sometido ao medo nin ás ameazas dun internamento inxustificado nun hospital psiquiátrico ou calquera outra institución pechada.
- XVII.** As Persoas con Autismo teñen dereito a non recibir terapias farmacolóxicas inapropiadas ou excesivas.
- XVIII.** As Persoas con Autismo (ou os seus representantes), deben ter dereito ao acceso á súa ficha persoal no que concirne á área médica, psicolóxica, psiquiátrica e educativa.